

Coñece a túa árbore : Árbores históricas

Recóllense, nesta páxina, as árbores históricas e de maior antigüidade do concello.

<p>Piñeiro de Boente Existen árbores vellas que teñen a súa historia coñecida polos habitantes da comarca. Un deles é o pino de Boente. Chamado tamén o pino do cura porque pertence á Igrexa. Salvado da corta cando se fixo a nova carretera que une Lugo con Santiago (N 547). É un piñeiro piñoneiro que na zona chaman pino macho por aproximación a pino manso que é o nome que lle corresponde.</p>	<p>Carballo da Portela Este carballo da parroquia de Castañeda é cantado nunha canción desde antes do tempo da guerra: 'O carballo da Portela ten a folia revirada que lla revirou o aire unha noite de xeada'.</p>
<p>O carballo de San Antón Carballo de máis de cincocentos anos que según a tradición popular naceu dentro dunha igrexa. Está na parroquia de Viladavil, cerca do pazo de A Paínza.</p>	<p>Eucalipto de A Paínza O pazo de Viladavil, A Painza, conta con dous grandes eucaliptos que poden ser dos primeiros chegados a Galicia, hai 120 anos. A roda de eucaliptos de Viladavil (A Cañota) pertencen ó Pazo de A Paínza. Situados nunha pradería, forman unha roda. A lenda popular sinala que os amos do pazo plantaban un eucalipto por cada caseiro que traballaba as suas terras.</p>